REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

Día: 17.02.2022 Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 17 de febreiro de 2022, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Preguntas

1 26570 (11/POC-004423)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis
Sobre os resultados que espera obter a Xunta de Galicia dos proxectos de investigación beneficiados polo programa Traslaciona covid-19
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 256, do 14.01.2022

2 27180 (11/POC-004686)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis
Sobre as razóns da supresión dun facultativo no punto de atención continuada de Caldas de Reis e a necesidade de completar o seu cadro de persoal para que conte con dous equipos completos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 258, do 18.01.2022

3 27249 (11/POC-004701)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e 2 máis
Sobre a dotación de persoal nos centros residenciais para persoas maiores e o cumprimento das medidas de emerxencia nas instalacións
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 261, do 21.01.2022

4 29001 (11/POC-005285)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a a atención sanitaria en Lalín, a chegada dunha nova ambulancia e o nivel de execución que leva desenvolvido o Centro Integral de Saúde
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 271, do 04.02.2022

5 29183 (11/POC-005322)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e 2 máis
Sobre as previsións para dotar o punto de atención continuada de Ordes da segunda praza de enfermaría
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 271, do 04.02.2022

6 29530 (11/POC-005368)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Carballo Páez, Ramón e 13 máis
Sobre a situación do proxecto da nova residencia de maiores, promovida ao abeiro do convenio de colaboración entre a Fundación Amancio Ortega e a Xunta de Galicia, en Lugo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 274, do 09.02.2022

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2022

María Corina Porro Martínez
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

María Corina Porro Martínez	P

Vicepresidente

Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Secretaria

Iria Carreira Pazos	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Rosalía López Sánchez	P
Marina Ortega Otero	S
José Alberto Pazos Couñago	P
Noelia Pérez López	P
María Montserrat Prado Cores	BNG
Olalla Rodil Fernández	BNG
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Julio Torrado Quintela	S

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 17.02.2022 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 17.02.2022 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 26570(11/POC-004423)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre os resultados que espera obter a Xunta de Galicia dos proxectos de investigación beneficiados polo programa Traslaciona covid-19

Publicación da iniciativa, 256, 14.01.2022

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2021 12:44:59
Nº Rexistro: 26570
Data envio: 27/12/2021 12:44:59.974

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Noelia Pérez López, Alberto Pazos Couñago e **Rosalía López Sánchez**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

O sistema público de saúde de Galicia, para aproveitar o coñecemento que nace coa crise sanitaria da covid-19 e para impulsar avances neste eido, convocou o programa Traslaciona Covid-19.

A finalidade foi apoiar a investigación sanitaria co financiamento de proxectos, ideas ou iniciativas xurdidas dentro do Sistema Público de Saúde orientadas a prevención, diagnostico ou tratamento da enfermidade.

O Consello da Xunta do 22 de outubro de 2020 informou sobre a resolución da convocatoria deste programa, con 10 proxectos beneficiados.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que resultados espera obter a Xunta de Galicia dos proxectos de investigación beneficiados polo programa Traslaciona Covid-19?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2021

CSV: REXISTRO-mm8bldH8j-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2021 12:44:59
Nº Rexistro: 26570
Data envio: 27/12/2021 12:44:59.974

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/12/2021 12:24:27

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 27/12/2021 12:24:54

María Corina Porro Martínez na data 27/12/2021 12:25:05

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/12/2021 12:25:17

Noelia Pérez López na data 27/12/2021 12:25:29

José Alberto Pazos Couñago na data 27/12/2021 12:25:43

López Sánchez, Rosalía na data 27/12/2021 12:25:58

CSV: REXISTRO-mm8bldH8j-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 17.02.2022 Hora: 10:30
Orde do día

1.2 27180(11/POC-004686)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre as razóns da supresión dun facultativo no punto de atención continuada de Caldas de Reis e a necesidade de completar o seu cadro de persoal para que conte con dous equipos completos

Publicación da iniciativa, 258, 18.01.2022

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 13:27:02
Nº Rexistro: 27180
Data envio: 07/01/2022 13:27:02.783

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Manuel Lourenzo Sobral, Montserrat Prado Cores e **Iria Carreira Pazos**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza ven de modificar desde comezos de ano o Plan Funcional do Centro de Saúde de Caldas, deixando ao PAC sen un dos facultativos en horario de tarde de luns a venres, polo que o servizo de urxencias extrahospitalarias contará con un único médico/a para atender as máis de 21.000 persoas dos concellos de Caldas, Portas, Moraña e Cuntis.

Trátase dunha decisión irresponsábel e que pode ter graves consecuencias, xa que o centro médico quedará desatendido cada vez que o único médico/a teña que facer unha saída, o cal se produce con frecuencia. A situación do PAC de Caldas non era a ideal antes desta modificación, pois requería da dotación dunha praza de enfermería máis en para funcionar con dous equipos completos. Sen embargo, no canto de completar este segundo equipo e mellorar a sanidade pública da comarca de Caldas, o SERGAS elixiu unha vez máis o camiño dos recortes e do desmantelamento, deixando aos máis de 21.000 veciños e veciñas que atende este PAC con un servizo claramente insuficiente.

Cabe destacar que estes recortes prodúcense precisamente nun momento no que a pandemia do coronavirus está a rexistrar unhas cifras de contaxios nunca antes vistas,

CSV: REXISTRO-kcLnWkNH5-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 13:27:02
Nº Rexistro: 27180
Data envio: 07/01/2022 13:27:02.783

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e no que é precisamente a atención primaria a encargada de diagnosticar, atender e facerlle o seguimento a estes pacientes.

Decisións deste tipo o que fan é someter o persoal a maiores cotas de traballo e estrés, incrementar a presión nas urxencias hospitalarias e derivar cada vez máis persoas á sanidade privada, verdadeira razón non confesada das políticas de recortes de persoal aplicadas na atención primaria na última década.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Cales son as razóns para deixar a 21.000 persoas que atende o PAC de Caldas sen un médico/a de luns a venres?

. Considera a Xunta que con esta dotación se pode prestar unha axeitada atención ás urxencias extrahospitalarias)

. Ten previsto o goberno galego repoñer o facultativo suprimido e completar o cadro de persoal para que conte con dous equipos completos?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Montserrat Prado Cores
Iria Carreira Pazos

CSV: REXISTRO-kcLnWkNH5-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/01/2022 13:27:02
Nº Rexistro: 27180
Data envio: 07/01/2022 13:27:02.783

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 07/01/2022 13:22:29

María Montserrat Prado Cores na data 07/01/2022 13:22:33

Iria Carreira Pazos na data 07/01/2022 13:22:41

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 07/01/2022 13:22:48

CSV: REXISTRO-kcLnWkNH5-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 17.02.2022 Hora: 10:30
Orde do día

1.3 27249(11/POC-004701)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre a dotación de persoal nos centros residenciais para persoas maiores e o cumprimento das medidas de emerxencia nas instalacións

Publicación da iniciativa, 261, 21.01.2022

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:33:54
Nº Rexistro: 27249
Data envio: 10/01/2022 13:33:54.705

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A noite do 28 de decembro na residencia de DomusVi Barreiro evacuáronse a varias decenas de residentes por mor dun incendio na planta baixa de dita residencia. Os bombeiros realizaron as actuacións pertinentes e afortunadamente non existiron consecuencias para a saúde das persoas residentes.

Tendo en conta a casuística do incidente e a probabilidade de que unha cuestión similar nun futuro poida ocasionar a evacuación dos residentes nas súas camas, é importante coñecer se as medidas das portas de saída son compatibles con ditas camas, tanto no caso das persoas residentes válidas, como no caso das residentes con dependencia.

Polo que dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos importante coñecer este tipo de información nas residencias de maiores en Galicia. Tendo en conta que dende a Consellería de Política Social se está a traballar nun modelo residencial adaptado ás novas circunstancias, e onde as características arquitectónicas xogarán un papel fundamental, é preciso coñecer o estado actual das instalacións sobre todo en vistas a posibles situacións de emerxencia.

Por outra banda, tendo en conta o novo modelo de atención e a importante do número de traballadoras por cada residente, é fundamental analizar a proporción de traballadoras e traballadores por número de residentes que existe na actualidade nas residencias de Galicia adaptando os mesmos ás quendas de traballo.

En dito incidente na noite na que se evacuaron aos residentes da residencia DomusVi Barreiro, estaban 4 traballadoras (3 auxiliares e 1 enfermeira) para 150 residentes, aínda que o habitual neste centro, é ter a 3 traballadoras (2 auxiliares e 1 enfermeira) no quenda de noite. É urxente polo tanto tratar a cuestión do número de profesionais adaptada a cada quenda laboral, tendo en conta que durante a noite pódense dar incidentes que precisen dunha actuación inmediata por parte dos traballadores ou traballadoras do centro. Cada centro residencial ten o deber de anotar o número e tipoloxía de incidencias acontecidas, polo que

CSV: REXISTRO-nNcmeihjw-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2022 13:33:54
Nº Rexistro: 27249
Data envio: 10/01/2022 13:33:54.705

sería importante analizar esta cuestión para saber cando se producen e de que tipo.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Considera a Xunta de Galicia suficiente o número de traballadoras ou traballadores das residencias actualmente para as quendas de noite?

2.ª) Tendo en conta os rexistros que elaboran os centros de atención residencial en Galicia en canto ás incidencias acontecidas, en que quenda laboral suceden a maioría das mesmas?

3.ª) Teñen constancia dende a Xunta de Galicia se os centros de atención residencial compren as medidas de saída de emerxencia respecto ao tamaño das camas para persoas con dependencia? Senón é así en todos os centros, que ten pensado facer a consellería competente na materia ao respecto?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero
Patricia Otero Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 10/01/2022 12:41:57

Patricia Otero Rodríguez na data 10/01/2022 12:42:07

Julio Torrado Quintela na data 10/01/2022 12:42:17

CSV: REXISTRO-nNcmeihjw-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 17.02.2022 Hora: 10:30
Orde do día

1.4 29001(11/POC-005285)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a a atención sanitaria en Lalín, a chegada dunha nova ambulancia e o nivel de execución que leva desenvolvido o Centro Integral de Saúde

Publicación da iniciativa, 271, 04.02.2022

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2022 13:47:19
Nº Rexistro: 29001
Data envio: 26/01/2022 13:47:19.710

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A atención sanitaria en Lalín e a comarca do Deza permanece, durante anos, a medio camiño entre as propostas incumpridas polo Goberno autonómico e as necesidades detectadas e sinaladas por persoas usuarias e profesionais en practicamente todos os concellos.

A atención primaria sofre unha perda de capacidade asistencial froito da incapacidade de xestión do Goberno autonómico, fundamentalmente en termos de persoal. Recentemente son coñecidos os problemas coa praza de pediatría en Vila de Cruces, onde veciños e veciñas ven como perden a posibilidade de ser atendidos no seu centro de saúde de maneira axeitada, situándose na actualidade nunha hora diaria atendido por persoal doutro centro de saúde que se despraza.

En Rodeiro a situación tamén presenta dificultades, coa continuada rotación de profesionais que non cobren todas as prazas, o que provoca unha elevada saturación para as persoas profesionais coa conseguinte perda de calidade asistencial.

Lalín, como cabeza de comarca, vén sufrindo especialmente o problema da falta de medios materiais e humanos, arrastrando dende hai anos unha perda de calidade do servizo froito dunha instalación avellentada e déficits estruturais incluso en construcións como foi o caso do PAC e os seus espazos. A todo este problema dende o Partido Socialista e o anterior goberno municipal en Lalín trataron de poñerlle solución impulsando a promesa incumprida dun Centro Integral de Saúde para esta localidade, que o PP rexeitou sistematicamente dende o goberno da Xunta de Galicia e o Parlamento de Galicia ata que o Goberno municipal foi retomado polo propio Partido Popular e, só entón, foi retomado ese proxecto. Tras un anuncio de 9 millóns de euros de investimento só para 2021, os avances producidos son incertos e está no aire concretar canto do orzamento anunciado foi realmente executado.

O transporte sanitario é outro dos elementos relevantes, pois o Deza é unha comarca con dificultades de comunicación, moi extensa, con poboación moi

CSV: REXISTRO-AWZaO8WB5-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2022 13:47:19
Nº Rexistro: 29001
Data envio: 26/01/2022 13:47:19.710

envellecida e con distancias maiores que outras ao hospital de referencia. Por iso debe ser especialmente atendida en termos de atención sanitaria urxente, pois os problemas que se poden resolver a través deste sistema ten especial importancia nunha situación coma esta. O Pleno municipal xa aprobou unha iniciativa, a proposta do Grupo Socialista, que demandaba a necesidade dunha nova ambulancia medicalizada para Lalín, e o propio Partido Socialista ofreceu acordos para resolver a situación con solucións escalonadas como a chegada dunha ambulancia SVB 24h mentres non se achegue a necesaria medicalizada. Esta necesidade, incluída no programa electoral local do propio Partido Popular de Lalín e anunciada polo presidente Núñez Feijoo no Parlamento de Galicia como resposta ao triste incidente ocorrido en Dozón en 2019 no que faleceu un home tras esperar 46 minutos por unha ambulancia, nunca foi cumprida.

A situación sanitaria de Lalín e toda a comarca do Deza precisa dun avance e de que se cumpran as promesas que, de maneira recorrente, fanse dende o Goberno autonómico pero non se concretan nin progresan como deben.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera o goberno da Xunta de Galicia que a atención sanitaria a Lalín e á comarca do Deza é plenamente satisfactoria?

2. Cando vai ser cumprido o anuncio de que habería unha nova ambulancia en Lalín que realizou o presidente da Xunta de Galicia no Pleno do Parlamento?

3. Que nivel de execución se leva desenvolvido do CIS de Lalín? Que volume de investimento vai estar executado a final de 2021 dos 9 millóns anunciados inicialmente para este ano?

Pazo do Parlamento, 24 de xaneiro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: REXISTRO-AWZaO8WB5-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2022 13:47:19
Nº Rexistro: 29001
Data envio: 26/01/2022 13:47:19.710

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 26/01/2022 12:21:41

Marina Ortega Otero na data 26/01/2022 12:21:48

CSV: REXISTRO-AWZaO8WB5-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 17.02.2022 Hora: 10:30
Orde do día

1.5 29183(11/POC-005322)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre as previsións para dotar o punto de atención continuada de Ordes da segunda praza de enfermaría

Publicación da iniciativa, 271, 04.02.2022

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2022 13:18:30
Nº Rexistro: 29183
Data envio: 27/01/2022 13:18:30.282

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a creación da segunda praza de enfermaría no PAC de Ordes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante o 2019 tivo lugar unha folga que mobilizou o persoal de todos PAC de Galiza para denunciar a súa situación laboral e esixir melloras na mesma. As súas demandas incluían por unha banda reclamar unha maior dotación tanto de recursos humanos como materiais, así como mellorar as súas condicións salariais e dereitos laborais. Despois de máis de ano e medio de mobilizacións e de sete meses de folga, o persoal chegou despois de chegando a un acordo, que aínda sen satisfacer totalmente as demandas presentadas, si que supoñían un avance na situación previa.

Mais o certo é que cando xa van máis de dous anos desde a sinatura dese acordo, podemos observar como hai puntos do mesmo que fican sen executarse, e unha mostra disto é o que está a acontecer no PAC de Ordes. O punto 5 do acordo de desconvocatoria da folga recollía a implementación de máis persoal de enfermaría nos centros onde os equipos non fosen simétricos na ratio médica/enfermeira. O persoal co que conta actualmente o PAC de Ordes é de dúas médicas, unha enfermeira e unha PSX, fóra de reforzos de persoal que se poidan dar de xeito puntual. Isto provoca situacións demasiado frecuentes nas que o un equipo ten que realizar unha asistencia

CSV: REXISTRO-BWsvx7SxQ-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2022 13:18:30
Nº Rexistro: 29183
Data envio: 27/01/2022 13:18:30.282

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fóra do centro, e queda simplemente unha única facultativa para atender as urxencias que poidan xurdir.

Cómpre ter presente a área xeográfica á que presta servizo este PAC, que engloba cinco concellos (Frades, Mesía, Ordes, Tordoia e Trazo), o que supón un espazo de actuación próximo aos 500km2, mais tamén o volume de pacientes que atende. O PAC de Ordes é uns dos que presenta maior demanda asistencial en toda a área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, presentando ademais unhas cifras de asistencia fóra do centro que se sitúan entre as máis elevadas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. É consciente o goberno galego da situación na que se atopa o PAC de Ordes e o seu persoal?

. Cal é a razón pola que o goberno galego non está a dar cumprimento ao acordo do 17 de xullo de 2019 polo cal se desconvocou a folga dos PAC?

. Que medidas ten previstas para dotar o PAC da segunda praza de enfermaría de xeito inmediato?

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

CSV: REXISTRO-BWsvx7SxQ-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2022 13:18:30
Nº Rexistro: 29183
Data envio: 27/01/2022 13:18:30.282

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 27/01/2022 13:14:31

María Montserrat Prado Cores na data 27/01/2022 13:14:34

Olalla Rodil Fernández na data 27/01/2022 13:14:42

CSV: REXISTRO-BWsvx7SxQ-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 17.02.2022 Hora: 10:30
Orde do día

1.6 29530(11/POC-005368)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Carballo Páez, Ramón e 13 máis

Sobre a situación do proxecto da nova residencia de maiores, promovida ao abeiro do convenio de colaboración entre a Fundación Amancio Ortega e a Xunta de Galicia, en Lugo

Publicación da iniciativa, 274, 09.02.2022

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 29530
Data envio: 01/02/2022 16:15:42.482

grupo parlamentario popular de galicia

A Mesa do Parlamento

Ramón Carballo Páez, Encarna Amigo Díaz, Cristina Sanz Arias, José Manuel Balseiro Orol, Elena Candia López, Raquel Arias Rodríguez, Sandra Vázquez Domínguez, Daniel Vega Pérez, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e **Rosalía López Sánchez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

O aumento da esperanza de vida e o progresivo incremento da idade media que vén experimentando nas últimas décadas a sociedade galega -nunha dinámica compartida co resto de España e de Europa- obriga aos poderes públicos a prestar especial atención á calidade de vida das persoas maiores e, en particular, a atender as necesidades derivadas do envellecemento da poboación.

Un xeito de facelo é, por exemplo, a través da construción e posta en marcha de novas residencias, que é un dos obxectivos do convenio de colaboración asinado entre o Goberno galego e a Fundación Amancio Ortega (FAO).

A FAO construirá e equipará sete novas residencias de maiores nas cidades galegas que, no caso de Lugo, suporá sumar 120 novas prazas e permitirá crear 115 postos de traballo, grazas a un investimento estimado duns 12 millóns de euros. A Xunta de Galicia incorporará este centro á rede autonómica e asumirá os custes de funcionamento, mantemento e persoal.

O Goberno galego colabora e seguirá colaborando na promoción de centros residenciais, para tecer unha rede de atención aos nosos maiores, que ata o de agora fixo posible duplicar dende o ano 2009 o número de prazas existentes ata chegar ás 13.000 e que cada ano van en aumento tanto en cantidade como en calidade.

Por todo o exposto, os deputados arriba asinantes fan a seguinte pregunta en Comisión:

En que situación se atopa o proxecto da nova residencia de Lugo promovida ao abeiro do convenio de colaboración entre a Fundación Amancio Ortega e a Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: REXISTRO-qbbZj1Omq-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 29530
Data envio: 01/02/2022 16:15:42.482

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

Ramón Carballo Páez na data 01/02/2022 13:38:58

María Encarnación Amigo Díaz na data 01/02/2022 13:39:20

Cristina Sanz Arias na data 01/02/2022 13:39:39

José Manuel Balseiro Orol na data 01/02/2022 13:39:55

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: REXISTRO-qbbZj1Omq-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 29530
Data envio: 01/02/2022 16:15:42.482

grupo parlamentario popular de galicia

María Elena Candia López na data 01/02/2022 13:40:12

Raquel Arias Rodríguez na data 01/02/2022 13:40:31

Sandra Vázquez Domínguez na data 01/02/2022 13:40:48

Daniel Vega Pérez na data 01/02/2022 13:41:07

José Alberto Pazos Couñago na data 01/02/2022 13:41:26

María Corina Porro Martínez na data 01/02/2022 13:41:38

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 01/02/2022 13:41:53

Noelia Pérez López na data 01/02/2022 13:42:07

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 01/02/2022 13:42:22

López Sánchez, Rosalía na data 01/02/2022 13:42:34

CSV: REXISTRO-qbbZj1Omq-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal